


MEMORIA 2007

AFRICOR LUGO

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE
CRIADORES DE FRISÓN
DE LUGO PARA O CONTROL
DE RENDEMENTOS



www.africorlugo.com



MEMORIA 2007

EDITA:
AFRICOR LUGO
Ronda de Fingoi, 117 baixo
27002 LUGO
Tfno. 982 250714
Fax 982 253309
e.mail: info@africorlugo.com

MAQUETA E IMPRIME:
HAPPY SYSTEM - COMUNICACIÓN INTEGRAL
Rúa das Leiteiras, 12 - Pol. O Ceao
27003 LUGO
Tfno. 982 280206
e.mail: info@happysystem.net



Memoria de actividades da
Asociación Provincial de Criadores de Frisón
de Lugo para o Control de Rendementos,
AFRICOR - LUGO, correspondente ao ano 2007



Esta Memoria de Actividades quere ser un reflexo do traballo colectivo que están a desenvolver as explotacións de gando vacún de leite integradas no Control leiteiro na provincia de Lugo. Trátase de darlle unha proxección a actividade como criadores de gando que se realiza día a día nas nosas ganderías, así como aos eventos que se organizan dende a Asociación para dar a coñecer esta labor.

Preséntase como un resumo dos méritos acadados e do potencial que temos como Asociación e de cada unha das ganderías de xeito individual, reflectindo o traballo desenvolvido e aportando referencias que permitan estimar e valorar as tendencias do sector na nosa provincia.

É para nos un reto como Asociación poder aportar a información e os servizos que demandan os gandeiros para facer máis rendibles e profesionais as súas explotacións, e máis aínda ante un futuro a medio prazo que obriga a ser máis competitivos, fronte aos cambios impostos polas novas directrices da política agraria común.

Dende esta publicación, que se leva editando dende vai xa quince anos, quixera achegar o noso agradecemento, en nome propio e da Xunta de Goberno, a todos aqueles que confían no Control leiteiro como unha ferramenta para mellorar as súas explotacións e a todos os traballadores de Africor Lugo, polo seu esforzo en mellorar a recollida dos datos e en transmitir información ás ganderías asociadas.

Así mesmo, deixar constancia do noso agradecemento ás institucións que financian e apoian o Control leiteiro, no seu obxectivo de axudar a mellorar a rendibilidade das explotacións de vacún de leite da provincia.

José Manuel López Tellado
Presidente de AFRICOR-LUGO

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- SERVIZOS

3.- EVOLUCIÓN DO PROGRAMA DE CONTROL LEITEIRO

- 3.1 Evolución do número de explotacións en Control Leiteiro
- 3.2 Evolución do número de animais inscritos en Control Leiteiro

4.- ANIMAIS INSCRITOS NO LIBRO XENEALÓXICO

- 4.1 Animais inscritos no libro xenealóxico
- 4.2 Estructura do rabaño
- 4.3 Explotacións e reses rexistradas por concello

5.- PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO SECTOR PRODUTOR DE LEITE

- 5.1 Resumo anual de poxa de gando frisón organizadas por Africor Lugo durante o ano 2007
- 5.2 XXI Concurso de MOEXMU, Muimenta, 31 de marzo e 1 de abril 2006
- 5.3 X Concurso Nacional de Primavera 2007, 24 e 25 de marzo de 2007
- 5.4 XVI Concurso Autonómico de FEFRIGA e XXIX Concurso Internacional Semana Verde. Silleda, Pontevedra, 17 e 18 de xuño
- 5.5 XXIX Concurso Nacional Conafe 2007. Xixón 29 e 30 de setembro de 2007
- 5.6 Feria Multisectorial de San Froilán. Lugo do 5 ao 7 de outubro de 2007
- 5.7 XVI Concurso de Chantada, 27 e 28 de outubro de 2007

6.- ANÁLISE XERAL DOS RESULTADOS DE CONTROL LEITEIRO

- 6.1 Informe de lactacións
- 6.2 Producións medias en Galicia
- 6.3 Distribución de partos

7.- PRODUCCIÓN MEDIAS POR CONCELLO

8.- RECONTO DE CÉLULAS SOMÁTICAS

- 8.1 Reconto de células somáticas por concello

9.- ESTUDO DAS MEDIAS DE PRODUCCIÓN

- 9.1 Evolución da media de produción por vaca en Galicia
- 9.2 Ganderías con media de produción superior a 10.000 quilos
- 9.3 Mellores explotacións por concello

10.- CLASIFICACIÓN DAS MELLORES VACAS POR PRODUCCIÓN

- 10.1 Cen mellores vacas por produción de 1º parto
- 10.2 Cen mellores vacas por produción de dous ou máis partos
- 10.3 Mellores vacas por produción vitalicia



11.- CUALIFICACIÓN MORFOLÓXICA

- 11.1 Melloras ganderías por media de cualificación morfolóxica
- 11.2 Vacas cualificadas con máis de 85 puntos no ano 2007
- 11.3 Vacas excelentes
- 11.4 Vacas MB de 1º parto cualificadas durante o ano 2007

12.- VALORACIÓN XENÉTICA

- 12.1 Melloras ganderías por media de ICO
- 12.2 Melloras vacas por ICO
- 12.3 Melloras xovencas por ICO de pedigrí

13.- ESTUDIO DAS FILLAS DE TOUROS DE XENÉTICA FONTAO

- 13.1 Melloras vacas por produción de 1º parto
- 13.2 Melloras vacas por produción de 2º ou máis partos
- 13.3 Vacas cualificadas MB no ano 2007 fillas de touros de Xenética Fontao

14.- INFORME REPRODUCTIVO

- 14.1 Análise dos índices reproductivos
- 14.2 Parámetros reproductivos do ano 2006 por concello e comarca
- 14.3 Taxa de Non Retorno
- 14.4 Touros frisóns máis usados durante o ano 2006
- 14.5 Necesidades de recría en Galicia

15.- MELLORES GANDERÍAS DA PROVINCIA DE LUGO

1. INTRODUCCIÓN

A Asociación Provincial de Gandeiros de Lugo para o Control de Rendementos, AFRICOR-LUGO, é unha asociación sen ánimo de lucro, que vén desenvolvendo dende o ano 1992, programas de mellora xenética en gando frisón, na provincia de Lugo.

Na actualidade compóñena máis de dous mil douscentos socios. A estas ganderías préstaselles servizo a través de sesenta e sete empregados.

Os controladores visitan mensualmente todas as explotacións asociadas, recollendo datos de produción, reprodución e mostras de leite de cada vaca, permitindo obter unha información que, unha vez procesada, coa colaboración do Servizo de Producción Gandeira, é remitida ao gandeiro en informes con periodicidade mensual.

Toda esta información serve para unha mellor xestión das ganderías asociadas, tanto a nivel reproductivo, como sanitario, para o control da alimentación, a orientación sobre a mellora xenética, a recría, etc. Por outra banda, con esta información realízanse as avaliacións xenéticas oficiais a nivel nacional, que permiten valorar os touros utilizados na inseminación artificial.

A estrutura organizativa de AFRICOR-LUGO é a seguinte:

- Asemblea Xeral: formada por todos os socios, órgano supremo de decisión.
- Consello Xeral de Delegados: composta polos representantes de cada concello, ata un total de sesenta e cinco. É un órgano consultivo.
- Xunta de Goberno: composta polos sete delegados con maior número de votos elixidos pola Asemblea Xeral.

Xunta de Goberno de AFRICOR-LUGO:

Presidente: D. José Manuel López Tellado
Vicepresidente: D. Alvaro José Castro Fernández
Secretario: D. Manuel Capón Rodríguez
Tesoureiro: D. Manuel Pacín Rey
Interventor: D. Angel López García
Vogal: D. Ricardo Gómez Rodríguez
Vogal: D. Francisco López Folgueira

AFRICOR-LUGO forma parte xunto co resto das Africores provincias de FEFRIGA, Federación Frisona Galega, entidade que representa a Galicia a nivel Nacional en CONAFE, Confederación Nacional de Frisona Española. O presidente de AFRICOR-LUGO é o vicepresidente de FEFRIGA.

Os datos presentados nesta memoria pretenden amosar o traballo das ganderías lucenses na mellora da raza frisona. A mellora das producións están baseadas nunha mellora do manexo do gando, tanto en instalacións, como alimentación ou nas condicións de produción. Por outra banda, esta mellora débese a unha mellor recría dos animais, como se reflicte na menor diferenza que se atopa cada ano entre as producións das vacas de primeiro parto fronte ás adultas. Por último, a mellora xenética dos animais que se recrían nas explotacións contribúe igualmente ao incremento das producións.

Se ben a Memoria salienta aqueles animais e ganderías máis produtores, o obxectivo das ganderías debe ser a rendibilidade, debendo cada explotación axustar o seu nivel de produción ás súas posibilidades e ao seu sistema de manexo. Nesa búsqueda da rendibilidade é onde a mellora xenética pode aportar animais que sexan capaces de transformar mellor o alimento en leite, cunha maior resistencia ás enfermidades, e que duren máis tempo, obtendo así altas producións de leite, de boa calidade e a baixo custo.

Como asociación colaboradora do Plan de Mellora Gandeira de Galicia, saliéntanse de xeito particular os datos das fillas de touros de Xenética Fontao, do programa galego de mellora xenética.

Para a elaboración da memoria, utilízanse datos ata 31 de decembro de 2007. As lactacións son normalizadas a 305 días, non empregando lactacións proxectadas. As lactacións empregadas corresponden a vacas con data de secado entre 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2007, cun mínimo de 240 días en produción. As lactacións reais só se empregan nos cálculos de produción vitalicia.

As avaliacións xenéticas empregadas corresponden ás publicadas por CONAFE en decembro de 2007.

AFRICOR-LUGO obtivo neste ano 2007 a certificación ISO 9001-2000, sendo a primeira asociación de control leiteiro de España que consegue esta acreditación.

Esta certificación de calidade ten os seguintes alcances:

- Control leiteiro
- Testaxe de equipos de medición
- Trámite e envío de documentación ao Libro Xenealóxico
- Xestión de toma de mostras para probas de paternidade

O sistema de xestión da calidade que ten implantada a Asociación cumpre coas esixencias da norma ISO 9001:2000, e trata de desenvolver procedementos de traballo que redunden nunha mellor calidade do servizo que se lles presta aos socios e clientes.

